

Convocatoria do I PREMIO INTERNACIONAL DE INVESTIGACIÓN EN INNOVACIÓN E ECONOMÍA CIRCULAR

Obxecto da Convocatoria

A Universidade de Santiago de Compostela a través do Master de Desenvolvemento Económico e Innovación (DEIN), co financiamento da Deputación da Coruña, convoca o I Premio Internacional de investigación en innovación e Economía Circular.

A finalidade desta convocatoria é a de promover o estudo da innovación e a Economía circular no ámbito académico.

A Comisión Académica do Máster DEIN para estes efectos acordou establecer as seguintes bases da convocatoria para a concesión do premio.

Contía

1. A contía do premio será de 1.000 Euros. O titular/es do traballo premiado recibirán un pagamento na conta bancaria que se designe ao efecto de 1.000 euros.

Requisitos das persoas aspirantes

2. Poderán optar ao premio só persoas físicas individualmente ou formando un equipo de investigación. Poderán concorrer os autores/as de traballos de investigación de carácter internacional relacionados coas temáticas de innovación e economía circular.

3. Os traballos deberán ser inéditos, escritas en galego, español ou inglés, incluídas as citas literais, non sendo premiadas en outros certames nin publicadas ou difundidas na súa totalidade en ningún soporte.

4. As teses doutorais e os traballos de investigación xa publicados ou defendidos terán que ser reelaborados en título, estrutura e contido para evitar duplicidades.

Solicitudes

5. Quen desexe participar deberán facelo constar por escrito, mediante solicitude dirixida ao coordinador do Master DEIN remitida ao enderezo electrónico masterdein@usc.es

6. A presentación da solicitude implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante.

7. As consultas en relación ao Premio dirixiranse ao correo: masterdein@usc.es

Coa colaboración de



Documentación

8. Ademais da instancia de solicitude, os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

- 1 orixinal do traballo con unha extensión comprendida entre as 80 e as 120 páxinas, incluídas notas, bibliografía e apéndices, el letra arial 11 e entreliñado de espazo e medio. Enviarase a seguinte dirección: masterdein@usc.es
- O documento que se envíe deberá preservar o anonimato, eliminándose calquera dato que revele a súa autoría. No asunto do e-mail deberá figurar "I Premio Internacional Master DEIN de investigación en innovación e Economía Circular" seguido do título escollido polo autor/a. No mesmo correo electrónico remitirase ademais outro arquivo de texto titulado "Datos" onde se fará constar o nome, dirección, teléfono e correo electrónico do/a autor/a, así como un breve Curriculum Vitae.
- Xunto co texto completo do traballo de investigación, enviarase un resumo executivo, en linguaxe divulgativa de 1.000 palabras. A Comisión Académica do Master poderá difundir unha selección dos resúmenes dos traballos presentados a esta convocatoria.

Prazo de presentación

9. As solicitudes dirixiranse ao enderezo da USC, masterdein@usc.es do día 27.07.2018 ate o día 10.10.2018

Lugar de presentación

10. A presentación de solicitudes farase electrónicamente no enderezo masterdein@usc.es.

Lugar de notificacións dos actos derivados da presente convocatoria

11. Toda a información será publicada no taboleiro de anuncios da Pazo de San Xerome, no taboleiro de anuncios do Máster DEIN na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, na páxina web do Máster www.usc.es/icede/master.htm e na páxina web da Facultade: www.usc.es/gl/centros/ecoade

Comisión de selección

12. A Comisión Académica do Master DEIN designará, no seu momento, o xurado avaliador de esta primeira edición do premio entre persoas de recoñecido prestixio no campo da innovación e da Economía Circular.

Coa colaboración de



13. Serán méritos a valorar no traballo polo xurado os seguintes:

- Grado de orixinalidade e interese do traballo no eido da innovación e economía circular.
- Actualidade do tema
- Precisión no uso de conceptos, métodos e terminoloxía
- Relevancia do traballo para futuras investigacións.

14. Os aspirantes poderán formular causas de abstención e recusación contra os membros nomeados no xeito establecido no artigo 23 da lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

Selección

15. A comisión xulgadora levantará acta na que consten os acordos acadados e o resultado das valoracións.

16. Poderá declarar deserto o premio se, ao seu xuízo, ningún dos proxectos candidatos reúne os requisitos suficientes.

Resultado Final

17. Finalizada a fase de valoración da Comisión xulgadora, o reitor resolverá de xeito inapelable e publicará no prazo de non máis de 10 días dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

18. A entrega do premio efectuarase en un acto público organizado polo Master DEIN.

Obrigas dos premiados

19. As persoas autoras do traballo premiado poderán remitilo a calquera revista nacional ou internacional que escollan unha vez presentado a esta convocatoria, facendo referencia, cando sexa posible, á entidade convocante do Premio e a adxudicación do mesmo. As persoas autoras do traballo premiado autorizarán ó Máster a súa publicación con carácter non exclusivo.

Recursos

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Coa colaboración de



Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018

O Reitor da USC
Antonio López Díaz

Coa colaboración de



Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
26/07/2018 14:31:03.

CSV: F84F-B35E-4423-9400